

CONCLUSIÓNS

RELATORIO CULTURA E LINGUA

Coñecer e preservar o importante patrimonio cultural creado durante séculos no exterior é esencial para manter a memoria da emigración galega. A cultura e a lingua son actividades esenciais das comunidades do exterior desde hai séculos, e pilares fundamentais da construción da identidade cultural de Galicia. A cultura dun pobo recolle diversos aspectos relacionados co seu idioma, os seus personaxes, a súa paisaxe, a súa gastronomía, as súas tradicións e costumes, polo que é de vital importancia achegar á galega e ao galego da diáspora, por medio da comunidade no exterior, á Galicia territorial.

Como resultado do traballo realizado no Relatorio de Cultura e Lingua, logo de analizar e debater as comunicacións recibidas, acordamos o seguinte:

- 1.- A importancia de impulsar a cultura galega nas tecnoloxías e o uso da intelixencia artificial para coñecer e promover o uso da lingua galega, e o apoio necesario para a súa implantación nas entidades galegas.
- 2.- Introducir a lingua galega nas grandes canles de información do mundo mediante a implementación dunha ampla variedade de recursos lingüísticos en galego , e a súa publicación en formato dixital, baixo licenzas libres e a través de ferramentas con códigos abertos para ser empregadas en calquera tipo de soporte dixital polas diferentes institucións públicas e entidades galegas no exterior.
- 3.- Orientar todos os esforzos en situar ao galego en pé de igualdade coas grandes linguas do mundo, ao considerar como algo fundamental, o seu

posicionamento como unha lingua máis de uso convencional nos recursos comúns utilizados pola sociedade.

4.- Que a lingua galega nos sirva para comunicarnos coas máquinas, tanto na lingua falada como na escrita, nunha sociedade actual na que as interaccións co mundo dixital se fan cada vez máis necesarias, e en moitos casos imprescindibles, para case calquera ámbito da vida do conxunto da cidadanía.

5.- Dotar a industria tecnolóxica das bases necesarias para que desenvolvan produtos na nosa lingua, avanzando desta forma na posta a disposición de novos instrumentos e ferramentas para a aprendizaxe, e o fomento do uso da lingua propia de Galicia.

6.- Fomentar a creación de industrias tecnolóxicas especializadas en lingua en Galicia e a partir do galego, que contribúan a instauración dun ecosistema galego innovador arredor das tecnoloxías da linguaxe para universalizala e poñela á disposición de toda a comunidade galega.

7.- Aumentar os esforzos na preservación do legado documental producido polas sociedades de emigrantes mediante a creación e selección de modelos tecnolóxicos que garantan a preservación a longo prazo dos fondos dixitalizados, de cara á elaboración dunha base de datos específica do patrimonio documental das migracións galegas, que inclúa tamén os fondos que se poidan localizar en arquivos particulares.

8.- Establecer criterios comúns para a selección de documentación e de conservación dos distintos fondos documentais, e formar nos ámbitos de catalogación, conservación e dixitalización do patrimonio galego no exterior, para responsables e participantes das entidades galegas.

9.- Recuperación da memoria histórica do asociacionismo emigrante: Censo das entidades creadas na emigración e das iniciativas realizadas polas mesmas en diferentes ámbitos e localizacións: revistas, xornais obras cívicas, escolas, produción editorial e artística..., tanto en Galicia como na emigración.

10.- Impulsar proxectos de investigación conxuntos en colaboración con entidades estranxeiras que fomenten a preservación da identidade galega nos países de acollida.

11.- Conseguir unha maior presenza do fenómeno migratorio en todos os niveis do ensino galego, mediante o desenvolvemento de contidos educativos específicos sobre a emigración, que complementen e enriquezan os existentes nos actuais deseños curriculares, tanto no ensino regrado como non regrado.

12. Reiterar a importancia do Museo das Migracións Galegas, como centro de referencia da Emigración e da Galegidade, coa misión de salvaguardar, preservar, catalogar e divulgar o labor da colectividade.